




PROGRAMACIÓN LETRAS GALEGAS 2017

PRESENTACIÓN DO LIBRO

SACAR A LINGUA É DE MALA EDUCACIÓN.

OPORTUNIDADES DO MULTILINGÜISMO NA INFANCIA E NA IDADE ADULTA
DE MANUEL NÚÑEZ SINGALA
VENRES, 2 DE XUÑO DE 2017
19:30 horas
CASA DA CULTURA DE VILALBA



O Instituto de Estudos Chairegos, seguindo cos actos programados co gallo das Letras Galegas, organiza para o vindeiro venres, día **2 de xuño de 2017, ás 19:30 horas**, na **Casa de Cultura** de Vilalba, a presentación do libro de Manuel Núñez Singala *“Sacar a lingua é de mala educación. Oportunidades do multilingüismo na infancia e na idade adulta”*, editado por Galaxia.

O libro –segundo podemos ler na páxina web do autor- procura argumentos e estratexias para aproveitar as posibilidades que, tanto a adultos como a nenos, lles brinda a vida nunha comunidade bilingüe que se insire nunha Europa multilingüe e nun mundo cunha extraordinaria riqueza idiomática. Ao longo deste volume expóñense de maneira sinxela e clara os motivos polos que todos os habitantes de Galicia deberían ser

competentes nas dúas linguas oficiais da comunidade e empregar esa destreza como trampolín para adquirir outras o antes posible. Porque en cuestión de linguas o importante é sumar.

O acto contará coa interveñen de Manuel Núñez Singala, o autor do libro, e Marisa Barreiro Mejuto, presidenta do Iescha.



Manuel Núñez Singala

Naceu en Lugo en 1963, pero en **Vilalba** é onde transcorre a súa infancia e adolescencia. A Terra Cha é a súa primeira patria. Estuda, traballa e vive máis tarde en Compostela, que é como el mesmo di a súa segunda patria. Sempre foi un gran afeccionado á lectura, pero a súa inclinación pola escrita, di que quizais lla deba aos certames literarios do instituto de bacharelato vilalbés. Nese centro estreou as primeiras obras de teatro, ata tres montaxes aló contra final dos anos setenta. Despois estudou en Santiago onde ficou. En Galaxia ten publicado O achado do castro (1991, Premio Xiria de Creación Teatral 1987), Comedia bífida (2007), Planificación estratéxica (2009). Narrativa: Mar de fondo (1997), Menú de enganos (2010, Premio Frei Martín Sarmiento 2011). Tamén o ensaio e os traballos de investigación sobre cuestións relacionadas coa normalización do idioma ocuparon boa parte do seu tempo, como se recolle no libro En galego, por que non? (2009). (Fonte Ed. Galaxia)